

DEP LEGAL
Public DL 885

A ARUJA

BOLETIN INFORMATIVO DA AGRUPACION LOCAL DO P.C.G. DE O GROVE

N.º 0 - Ano 1

Xaneiro 1984

Axuda: 40 pts.

A CANTEIRA DO BAO

OS TRIBUNAIS DE XUSTICIA DANNOS A RAZON

4 ANOS E 4 MESES DESPOIS



**X. ALVAREZ
CORBACHO**

A Audiencia Territorial da Coruña acaba de dictar a sentenza n.º 574/1983, do 8 de Novembro, que ten unha importante repercusión na vida política e social de O Grove. A sala do Contencioso Administrativo desestima o recurso interposto pola empresa Raymundo Vázquez, S. A., e dalle a razón a Corporación anterior (4 anos e 4 meses despois) ó considerar tamén a canteira do Bao coma unha explotación ilegal e clandestina. ¡Extraordinaria victoria prós intereses patrimoniais dos veciños de O Grove que o actual goberno municipal empéñase en silenciar e ocultar! ¿Por qué será?

A historia da canteira do Bao é, o noso xuicio, unha triste historia de piratería e de expolio municipal que soio se pode explicar nas dictaduras políticas. Coma se sabe, o asunto data do 1966, ano en que a empresa R. V. escomenza a explotar ininterrumpidamente a canteira do Bao sin pagar unha cadela ó Axuntamento. Oito anos despois (1974), o Axuntamento tenta de chegar a un acordo económico coa empresa pra regularizar a situación, rematando as negociacións nun conflito aberto que deu lugar a clausura da canteira polo Axuntamento en Agosto dese mesmo ano. A empresa reacciona e exerce a súa poderosa influencia no Goberno Civil de Pontevedra, que provoca o cese fulminante do Alcalde de O Grove e a substitución no mesmo cargo de outra persoa de máis "confianza" pra D. Raimundo. O 30/12/1975 o Alcalde Bea Gondar firma un contrato con don Raimundo pra dar solución

os problemas da canteira do Bao, contrato que é ratificado na sesión plenaria do 9 de Xaneiro do 1976 por unanimidade. As condicións de dito contrato eran, en esencia, as seguintes: a) a empresa comprometíase a pagar por extracción de pedra e ocupación de terreiros, desde 1966 hastra o 31/12/75, a cantidade de 1.600.000 pesetas; b) o Axuntamento otorgaba unha nova concesión por 10 anos (1976-1986) a empresa R. V., con un canon de 200.000 Ptas./ano. Esta concesión supoñía tamén a posibilidade de instalar plantas de hormigonado, plantas de aglomerado, taller mecánico e cantas fosen de interés pra actividade da empresa. A partir dese momento, as relacións do Axuntamento coa empresa R. V. fanse tan íntimas e cordiales coma barulleiras. A empresa fai obras custosas a "dedo" (traída de augas, Peralto, Calle do Sol, etc.), fanse papatorias no palacete da Lanzada que síve A To-

xa e paga o Axuntamento (161.000 Ptas.), mixtúrase ós Bancos de Bilbao e Hispano-Americano nas operacións do Axuntamento coa empresa, que aínda non se creaxeron hoxe, etc., etc. ¡Todo un poema!

Abril de 1979. ¡Y se acabou la diversión! Llegó la democracia al Ayuntamiento y mandó a parar...

En efecto, cando a vontade dos veciños puxeron outros homes no goberno municipal, púdose comprobar cousas insólitas relacionadas co tema que estamos a comentar. Por exemplo, que a empresa R. V. seguía sin pagar unha peseta ó Axuntamento, que a canteira estaba sendo subarrendada a empresa "Dragados e Construcciones" por 4 millóns de pesetas, que os Bancos de Bilbao e Hispano-Americano reclamaban o Axuntamento uns 15 millóns de pesetas en base a certificacións de obras feitas por R. V. no Grove, sin que na Intervención municipal constase nada, etc.

(Continúa na 2 pag.)

OPINION

A agrupación local de O Grove, do PCG, ven pensando dende fai tempo na posibilidade de por o alcance dos veciños toda aquela información que, tendo —o noso entender— moito que ver coas súas vidas e a súa realidade, non aparece en ningún medio de comunicación o seu alcance.

Foron diferentes as razóns que retrasaron a saída deste boletín, sendo as económicas seguramente as mais importantes. Hoxe confiamos en poder supera-las co-a importante axuda de todos Vds.

“A RUA” aspira a ser un medio útil as persoas, contribuíndo na medida das nosas posibilidades a un maior coñecemento por parte de todos, sobor de temas os que hoxe teñen acceso moi poucos.

E fundamentalmente, un medio de información local. Nembargantes, informacións mais xenerales que teñan unha importancia específica, trataremos de comenta-las eiquí.

Esta publicación pretende elevar a discusión e a participación políticas a un nivel popular e cotidián. “A RUA” intentará que a política económica, sanitaria, educativa, cultural, deportiva, etc., do noso municipio sexan “o pan noso de cada día”, e que cada vez mais todos participemos na vida social e política.


Nas súas páxinas ofrécelle os veciños a posibilidade de expresar as súas opinións en temas de interese público, no seu espacio “o voceiro veciñal”.

E este, un grande esforzo de un colectivo que pretende transformar a sociedade para mellorar a vida.

“A RUA” para quen a única razón de ser son Vds., ponse o seu servizo.

A CANTEIRA DO BAO


(VEN DA PRIMEIRA PAXINA)



Pero sobor de todo, comprobouse que a explotación da canteira seguía sin contar con licenzia municipal tramitada según o Regulamento de Actividades Nocivas, Molestas, Insalubres e Peligrosas, coma era preceptivo, o que, o noso xuício, anulaba o anterior acordo plenario da concesión dos dez anos de explotación. A canteira era ilegal e clandestina e, en base a esta consideración, foi clausurada e precintada en Xunio do 1979. A empresa de R. V. recorre os Tribunais de Xusticia e o

grupo municipal da UCD espalla ós catro ventos que estabamos tolos e que non chegarían os cartos do Axuntamento pra pagar os perxucios que iba a reclamar a empresa.

Hoxe, catro anos e catro meses despois, os Tribunais dános a razón: a canteira era ilegal e clandestina. Os veciños de O Grove ganan unha gran batalla política e manteñen o patrimonio. Pero o actual goberno municipal sigue calado coma un peto...



A RUA

Imprime: Gráficas Aguiño Aguin
EL GROVE
Deposito Legar: PO. 11-84

GOBERNO MUNICIPAL

8 MESES PERDIDOS


Facendo memoria do que foron—do que son—os oito meses transcurridos dende o oito de Maio derradeiro—data das eleccións municipais—con respecto o Goberno Municipal, é xusto manifestar que foron oito meses perdidos, desastrosamente perdidos.

¿Por qué decimos esto? É difícil, no espazo que este número 0 de A RUA lle adica a política municipal, resumir oito meses da mesma. Intentaremos mostrar algún dos aspectos máis importantes.

En política informativa, o que podería ser un elemento positivo, como é a edición de un boletín, non significa máis que facernos tragar o “Disque”. Por certo, que teremos que falar del e de canto nos costa.

Temos que decir que a revista do Axuntamento, ignora as opinións da oposición—que neste caso somos a maioría—xa que nunca se nos brindou a oportunidade de explicarlle nas súas páxinas os veciños, como pensamos nós que se deben de facer as cousas, ao que consideramos ter todo o dereito.

Non nos dice porqué o alcalde non contesta as preguntas do GRUPO MUNICIPAL COMUNISTA, feitas por escrito para saber: ¿Canto cobra o alcalde? ¿Canto cobran os concellales do grupo gobernante? ¿Canto cobran os demais concellales?, pensamos



A Gardería quedou feita, os cartos pra recibila tamén
¿Que pasou con eles?

que os veciños teñen todo o dereito a sabe-lo. ¿Será porque nos calculamos—xa que non nos contesta—que o alcalde debe de cobrar perto das 200.000 pesetas mensuales, e o “Disque” dixo que, sumando “dos de la vela y de la vela dos” en linguaxe vulgar, o actual alcalde ben a ganar 30.000 Ptas. menos o mes que o anterior, Xosé María Mourelos que tiña un salario de 92.000 Ptas. brutas?

Tampouco están contestadas as preguntas por escrito do GRUPO MUNICIPAL COMUNISTA, para saber cantas persoas contratou o Axuntamento dende a toma de posesión da actual Corporación, ¿en qué condicións, para qué e canto ga-

nan? Entre os que se encontra o xefe de prensa, ou sexa, o periodista que se encarga dos “Disques”. E aínda non lle preguntamos a cantos traballadores se lle cancelou o contrato, no mesmo período de tempo.

¿Non é importante, ganar na Audiencia da Coruña o pleito da canteira de O Bao a RV? ¿Por qué non se publicou? ¿Será que non lle gustou o resultado?

A oposición non ten ningún espazo no “Disque” pero, políticos da dereita, empresarios e curas, si teñen grandes espazos, así nós entendemos que o “Disque” non é unha publicación institucional imparcial, senón que é impulsora de unha ideoloxía moi concreta. Eso

sí pagada cos cartos de todos.

Por certo, ¿canto costa o “Disque”? Outra vez temos que votar as nosas contas, porque o non contestarnos as preguntas temos-nos que valer do que podemos. Bueno, pois nos calculamos que os tres primeiros “Disque” costáron-nos a todos: 6 meses de periodista a 150.000 pesetas que parece que sale por mes son 900.000 pesetas e algo máis de 200.000 pesetas de imprenta, total que pasaron de 1.100.000 pesetas. ¡Non está mal!

Non é menos importante que se conseguira cancelar o contrato de limpeza dos colexios, que costaba 212.000 pesetas o mes e facer outro a dedo por 455.000 pesetas tamén o mes, conquerindo—eso sí—que a limpeza agora sexa peor.

¿Será verdade que non hai cartos para o GAS-OIL da calefacción dos colexios? Cousas veredes...

E verdade que ademais daquela famosa papatoria, xa se gastaron entre viaxes e comidas, o redor de medio millón de pesetas máis. ¿Para qué?

Temos dous coches novos equipados con bases de radio, que suben dos 3.000.000 de pesetas. ¿Qué lles parece en qué se utilizan?

Está conducindo os coches oficiais o Sr. Tuñez, o mesmo o que a Comisión Municipal Permanente lle aprobou o traspaso do seu taxi

(Pasa a seguinte)

¿E a política algo serio? Eu penso que ninguén debe de ter dúbidas de que sí, efectivamente a política é realmente un asunto serio. A esta conclusión chégase con facilidade si temos en conta que debido as **decisións políticas** (dos políticos) as sociedades, os países, o mundo, están orgaizados e funcionan de un xeito ou de outro.

E por tanto elemental a contestación, posto que **n ningún país, ningún individuo**, está o marxen da política nin das consecuencias que das decisións políticas se derivan. Decisións de política militar e de defensa, política internacional e comercial, política sanitaria e de S. S., política educativa e cultural, política económica e tributaria (impostos), política laboral e de emprego. E seguro que o frente de cada un destes campos da **política**,

A POLITICA



Xosé M.ª Mourelos Muñiz

cada país, cada goberno teña un encargado un ministro, en definitiva **un político**. E isto independentemente da ideoloxía gobernante, e, do sistema político no que corresponda—entendase no 1.º caso, si é marxista, socialdemócrata, de estilo libe-


ral—conservador, etc., e no segundo, dictadura uo democracia por exemplo.

Está claro entón que **en política estamos todos**, ben de xeito pasivo, ben de xeito activo, participando con maior ou menor intensidade. Pero o que si é segu-

ro e, que si sufrimos ou disfrutamos as consecuencias das decisións políticas.

Para entender a **importancia que ten a política** non fai falla máis que fixarse en que se gasta o maior tempo dos telediarios, dos informativos radiofónicos, o maior espazo das primeiras páxinas dos periódicos, incluso as persoas e grupos que se manifestan **apolíticos** non saben falar de outra cousa que non sexa da política.

Pra rematar non hai máis que lembrarse das eleccións que son o acto de maior participación popular, de maior interés colectivo, algo que ilusiona e o mesmo tempo preocupa as persoas. Claro que a xustificación é ben sencilla, pois dos resultados depende a vida mesma, o xeito de vivir.



Rúa de Luis Casais que xunto Luis Seoane, foron conqueridas po-la anterior corporación.

(VEN DA ANTERIOR)

uns días antes por motivos de saúde. De broma ¿non?

Subvencionouse a "Escola de Vela o Punta"—da Diputación—con 400.000 pesetas, o "Club de Remo Amegrove" con 200.000 pesetas., a Breogán con 175.000 Ptas. Esto aparte do que reciben do Patronato Deportivo Municipal.

Négouselle o mesmo trato a dúas peticións do Club de Remo Mecos, aínda sendo estas inferiores nas súas pretensións. Discrimínase as demais entidades deportivas: Rasoeiro, D. Grove, Amanecer, etc., o non subvencionálos con idénticas cantidades. O PARTIDO COMUNISTA ven solicitando que os cartos municipais se repartan con xusticia entre toda-las entidades deportivas.

Modificación chapuceira do grande proxecto de PASEO MARITIMO contratado po-la anterior Corporación, contraponendo ideas caprichosas a estudos serios e concordantes con unha planificación urbanística axeitada as necesidades do futuro do noso pobo.

Elaboración de outro miniproxecto ridículo, para o mesmo sitio do PASEO MARITIMO, o que se lle ven a chamar "Avda. de Orillamar", e que en realidade consiste en lavarlle a cara a ésta, deixando de lado —o

parecer— o verdadeiro PASEO MARITIMO, ou despilfarrando mais de 9.000.000 de pesetas.

Encargo de dous proxectos para unha mesma obra, a obra do Axuntamento, o que significa que haberá que pagar 800.000 pesetas por un proxecto que non se utiliza.


Por si esto fora pouco, o proxecto do Axuntamento que se aprobou, é verdadeiramente malo e feito a presa, como xa deixou constancia o GRUPO MUNICIPAL COMUNISTA cando foi aprobado en pleno, e agora confírmalo a propia empresa constructora o solicitar xa un incremento de 726.415 pesetas sobor da contrata inicial que foi de pesetas por non estar contemplado no devandito proxecto que para facer a obra había primeiro que sacar as tellas e o armazón, que a placa e a cuberta tiñan que se apoiar en algo, que non estaba claro como sería o tellado, etc. ¡Para començar non está mal!

Acordo no pleno "relámpago" sobor da incompatibilidade suposta do concellal García Camaño, basándose nun artigo caducado. Co que García Camaño a pesares da intención do alcalde volve a ser concellal. ¡Qué vergonza nos daría se nós foramos o alcalde! E esto dacordo co informe do ase-

sor municipal o abogado señor Martínez Barrios —que en principio é asesor de toda a Corporación— o mesmo que, agora no seu informe sobor da Transferencia de Crédito do Presuposto Ordinario de 1983 se atreve a facer consideracións políticas sobor da actuación da Oposición. Pois ben, o PCG solicítalle formalmente que como "asesor municipal" se absteña de opinar sobor da nosa actuación política. En todo caso nós neste non nos guiaremos da súa opinión, non vaia a ser o conto do artigo caducado de marras. E dende eiquí solicitamos a súa inmediata substitución como abogado do Axuntamento no asunto Grovelán, S. A.

Por último, ¿qué fixo esta Corporación nestes oito meses? Si temos en conta que as obras de Luis Casais e Luis Seoane foron xestionadas e conqueridas da Xunta de Galicia po-la anterior Corporación. Que a obra de pavimentación de Terradorto a Rons, foi contratada a Malvar antes das eleccións municipais.

¿Qué pasou co Presuposto de Inversións aprobado po-la anterior Corporación? Que ademais as obras da Avda. de Portugal, a Graña, Boibas, Platería, Hospital, tamén estaban: O camiño da Cancela, a urbanización de A Xiela, o alumbrado de Luis A. Mestre, o alumbrado de Tte. Domínguez, a construción do polideportivo de



Rúa de Terra do Porto a Rons contratada po-la anterior corporación ¡Por fin asfaltada! o material non é o correcto. O alcantarillado estaba ben, Caneda Aguín tuvo outro "DESPISTE" en Faro de Vigo.

O Bao, pistas deportivas, a gardería infantil, etc. ¿Dónde van todas estas obras que tiñan que estar en marcha ou rematadas? ¿Por qué non se fixeron? ¿Cales son as obras que se fixeron a iniciativa desta Corporación? PREGUNTAMOS.

NOTA.—Por razóns de espacio quedan para outro número de A RUA temas tan importantes como: Urbanismo, accións xurídico-legales, festa do marisco, mocións, etcétera.



Rúa de Luis Seoane, que xunto con Luis Casais, tiña que ser pavimentada con aglomerado asfáltico. Como marcaban os proxectos.

Ante as "bromas" co-as que o Sr. Alcalde está divertindo a propios e extraños, e, ante as contradiccións que a miúdo fai nos medios de comunicación, co-a "benevolencia" e colaboración do corresponsal local de "Faro de Vigo", porque depois do increíble e absurdo programa electoral (aeroporoto, hospital, paseo marítimo de Ardiá a Rons, BEAS, menos impostos e mais postos de traballo, etc.). O pouco da toma de posesión do Alcalde, o antedito corresponsal sorprendenos con un noticia: "creación de ciento quince postos de traballo en la conserva y recuperación del sector de la construcción gracias al Sr. Bea Gondar".

Debemos informar os traballadores de O Grove, e, demostrarlles o mesmo tempo que están sendo enganados unha vez mais. Si se creou algún posto de traballo, que nos digan donde, como e cantos están ocupados por traballadores de O Grove.

Queremos-lle decir tamén tanto o Sr. Alcalde como o corresponsal local que si non é con ánimo de confundir a opinión pública, desconocen totalmente os términos crear e cambear. Señores crear é facer algo donde non hai nada feito. Cambear é facer unha cousa por outra.

Claros exemplos son: cambouse os traballadores da limpeza, contratouse a dedo outro tipo de personal, algún de-les incapacitado según o propio Alcalde. Os traballadores da limpeza dos colexios, cambeados por outro que cobra (o empresario,

AS BROMAS DO SR. ALCALDE



Xoan Anxo Caneda González



por suposto) mais do dobre da anterior (os actuais traballadores cobran menos que os outros).

Cambear as obras aprobadas po-la anterior Corporación de (A Xiela, A Cancela, Casa da Cultura, Garderia, Alumbrado, etc.) para lavar-lle a cara a orillamar, 9.000.000 de Ptas. con contribucións especiais os veciños, o que está en contradicción co-a promesa de "menos impostos e mais postos de traballo".

Queremos recordar dende eiquí, que os responsables do paro en O Grove (según o Sr. Bea Gondar e os seus satélites) defenderon e si-guen defendendo os traballadores alí donde -é necesario. Algo que Bea e compañía non fixeron nunca nin fan.

Con respecto o corresponsal de "Faro de Vigo" (CONEDAGUIN) queremoslle informar que a empresa constructora COAS pechou (50 traballadores a rúa) Conservas Yago o mesmo (60 traballadoras a rúa) e que hai outra empresa de construcción que non anda nada ben. Po-lo tanto, os datos que nós temos son que dende que o Sr. Bea é Alcalde, non soio non se crearon os postos de traballo que o corresponsal pregonou con tanta alegría, senón que se destruíron 120 postos de traballo e nós creemos que esto si se debe de publicar pois é a realidade.

NOTA.—Esta información foi entregada da Delegación de "Faro de Vigo", pero aínda hoxe estamos esperando vela publicada.

Empecemos por la población. ¿Sabe Ud. cuál será la ciudad con más habitantes del mundo en el año 2000? Aunque quizás le sorprenda será la ciudad de México, con nada menos que 31 millones de personas. En el año 1980 tenía 14 millones. ¿Y la segunda?; otra vez nos sorprenderemos pero será Sao Paulo que pasará de 12'5 millones que también tenía en el 80 a 26 que tendrá en el 2000.

Estos datos están sacados del Informe Anual del Fondo de las Naciones Unidas para Actividades de la Población (FNUAP), publicado en Ginebra el año 1980. Pero es que además este sabroso informe nos dice algunas cosillas más que vamos a exponer brevemente:

Los 125 millones de niños que nacen cada año en el mundo no van a vivir todos por igual. Solamente los 16 millones nacidos en el mundo rico consumirán 4 veces más que los 109 millones nacidos en los países subdesarrollados.

DE COMO ESTA EL COTARRO

DATOS Y RELATOS PARA LA SOBREMESA

Además este informe nos dice que cada año mueren por hambre 15 millones de niños menores de 5 años, y que hay unos 900 millones de analfabetos.

También nos dice que los gastos militares anuales eran de 450.000 millones de dólares (en este año de 1983 pasan de los 700.000) lo que sería suficiente para financiar durante 25 años la asistencia económica que se presta a los países en desarrollo.

Y es que la población humana crece desde la era contemporánea mucho más rápidamente de lo que nunca lo hizo, y crece precisamente cada vez más donde menos recursos hay. El Informe nos indica que dentro de 20 años el 59% del mundo vivirá en Asia (basta sólo indicar que después de la revolución maoísta la población china aumentó en 400 millones, que no pasan hambre por cierto); el 11% en Africa, el 13% en América Latina y solo el 17% en los países industrializados.

Según estimaciones científicas la población humana ha evolucionado así desde el año 6000 a. C. cuando la agricultura y el pastoreo estaban todavía en su infancia, en que había unos 10 millones de habitantes; cuando se hizo la Gran Pirámide (2.600 a. C.) probablemente llegaba a unos 40 millones, en tiempos de Homero (800 a. C.) a unos 100 millones, en tiempos de Colón (s. XV) a 500 millones, en tiempos de Napoleón (1800) a 1.000 millones, en tiempos de Lenin (1917) a 2.000 millones y hoy día hay 4.200 millones y en el 2000 habrá 6.200 millones.

La doctrina de la Iglesia Católica en la encíclica "Humanae Vitae" de 1968 se ha opuesto de forma categórica a todo control de la natalidad ajeno al simple ciclo biológico de la mujer, con independencia del contexto cultural y nivel económico familiar.

(Seudónimo) TODOS

Galicia y sobre todo las zonas costeras, como son la Ría de Arosa y O Grove, sufren una situación tercermundista que nos asemeja a países africanos mucho más atrasados que nosotros, por culpa de tener las aguas de los pozos de bebida y de las playas contaminadas.

Aquí se dan todos los años, sobre todo al final del verano, epidemias de fiebres tifoideas, enfermedad muy importante, tanto por su repercusión sobre la salud como por lo costoso de su tratamiento y del tiempo que tarda en curar, otras enfermedades transmitidas por el agua son las diarreas, que afectan sobre todo a los niños en verano, la hepatitis, la polio, por citar las más conocidas.

El principal origen de todos estos problemas es la contaminación del agua por los residuos orgánicos de los aseos, que se eliminan por los pozos negros y por el alcantarillado no protegido.

Los pozos negros deberían erradicarse totalmente y los que no fueran posible, deberían tener un sistema, que ya existe y es barato, que permite que el agua que sale del pozo no contamine.

El problema de la contaminación del agua

Manuel Martín García

Los pozos negros deben estar contruidos al menos a 20 metros del pozo del agua y en un nivel del terreno más bajo, tampoco se deben regar las verduras con el agua de los pozos ni abonar las huertas con abonos orgánicos.

No se deben tomar las verduras crudas sin añadirles unas gotas de lejía corriente y no tomar el marisco crudo que no haya sido depurado.

El alcantarillado público debería tener depuradora, para que no contaminase el agua de las playas donde nos bañamos o donde se cultiva el marisco. Al menos

provisionalmente, el alcantarillado debería desembocar con tubos lo más lejos posible de la costa. Indudablemente la solución, debido al alto costo de las depuradoras debería contar con el apoyo de la Administración y mediante mancomunidades de municipios que plantearan planes de Saneamiento Integrales de la Ría.

Otro factor fundamental, es la colaboración activa de la población en las campañas para acabar con estas enfermedades, para lo que hace falta que las autoridades sanitarias realicen educación sanitaria continuada, que informe de los riesgos

de estas enfermedades y de cómo prevenirlas, en los colegios a los niños deberían darles no sólo matemáticas, física o geografía, sino también como hacer para evitar estar enfermos y como conseguir un estado de mayor salud.

La enfermedad debe prevenirse y no tratarla cuando ya ha aparecido, el que aparezcan es un fracaso sanitario, en la mayoría de los países europeos estas enfermedades han desaparecido hace años.

Resumiendo, educar a la población para que sepa qué hacer para evitar la enfermedad, conocer el estado de los pozos negros y quitarlos o arreglarlos, realizar inversiones grandes en depuradoras para el alcantarillado con apoyo de la Administración, todo esto obliga a enfrentar la Salud desde otra perspectiva, la preventiva, tanto a la población como a los poderes públicos y a los sanitarios, pero la Salud es algo tan importante para todos, que no es concebible el escatimar esfuerzos, sin contar con las repercusiones económicas que repercuten en el marisqueo y el turismo, riquezas naturales de nuestras rías.

Mais sinxela que fácil, a voz deste Xan da rúa faime falta e haberá que recurrir sempre a ela mentras o pobo se chama Xan e reclame das suas coplas ese sentido xusticieiro que nunca deixa de cantar.

Me llamo Juan Panadero,
por la tierra y por el mar.
El pan que amaso es de harina
que nadie puede comprar.

Que yo no vendo mi trigo.
Mi pan me lo como yo
o lo regalo al amigo.

Lo que mi molino muele,
lo dice Juan Panadero,
se reparte y no se vende.

Y el que me quiera probar,
vaya sabiendo que soy
harina de otro costal.

Mi copla es la claridad.
Juan Panadero no puede
sino decir la verdad.

Nadie de Juan Panadero
piense que es simple. Si soy
simple es porque así lo quiero.

Sencillo, porque disparo
contra lo oscuro, sabiendo
que el aire ha de ser muy claro.



RAFAEL ALBERTI.

Buscar lo claro es tener
el perfil siempre dispuesto
a ver el amanecer.

Son mis universidades
una barca con un hombre
y un mar de tempestades.

Voz alta para gritar
abiertamente: ¡Hombre libre,
tú siempre querrás la mar!

Porque recuerden que el mar
no es esa ola que acaba
sino la que va a empezar.

No estoy solo. No lo estamos.
Los que caminan conmigo
me dicen que caminamos.

¡Arde sin descanso, arde!
La libertad no la tienen
los que no tienen su sed.

Neste primeiro número de A RUA queremos falar algo da política cultural do noso pobo—milloir podíamos decir da falla de política cultural do noso Axuntamento—.

O noso Grupo Municipal ven denunciando multitude de veces tanto nos Plenos como nas sesións da Permanente e en outros medios, a nula actuación neste campo.

Dende a toma de posesión da nova Corporación celebráronse varias festas en O Grove e o seu contido cultural brillou totalmente pola súa ausencia. Po-la contra na última festa do marisco fíxose todo o contrario, e decir, en vez de facer unha festa claro está, gastronómica pero con un forte contido cultural, fixéronse actos e despilfarráronse cartos en pura violencia. Cando estamos inmersos nunha sociedade xa de por sí violenta, o que fai o equipo de gober-

Con respecto à cultura municipal



Xulio OUBIÑA OTERO

no é institucionalizala, e encontrámonos que o único medio de demostrar a súa cultura e o traveso destes actos.

Pero o problema non é soio que non se fomente a cultura, é que son totalmente incapaces de facelo, aínda que as veces creemos que para unha determinada

xente como a que nos goberna no Axuntamento é moito mais axeitado os seus intereses que a xente non teña un mínimo nivel cultural, posto que así se poderá seguir actuando de unha forma caciquil, a xente non terá capacidade para analizar os feitos deste tipo de xente.

Soio os dictadores, fascistas, caciques e demais ralea lle teñen medo a cultura de o pobo e de-lo temos boa mostra dos coarenta anos que nos precederon.

Nos próximos números deste apartado queremos facer comentarios sobor do cine, teatro, libros, música, etcétera.

Queremos que sexa aberto a todos aqueles que queiran colaborar tanto no terreo cultural como ecolóxico.

Dende eiquí nós queremos unir a alegría que nos causou a toda a xente progresista e democrática a concesión do premio Cervantes o poeta Rafael Alberti. Poeta do pobo para o pobo. Os seus poemas pasarán a historia como un instrumento pola loita democrática e pola liberación dos pobos.

Que a súa obra nos sirva a todos para seguir defendendo a liberdade e a dignidade dos homes no mundo.

VOCEIRO VECIÑAL

Ao pobo de O Grove

Os concellales do PCG, PSOE, BNG e Luis Camaño en oposición ao alcalde de O Grove e o grupo gobernante do CIG, que se encontra en minoría neste municipio manifestan:

- 1) Que a actitude actual de firme e responsable oposición a política CIG, foi adoptada despois de unha reflexión profunda sobor da forma de gobernar e de emplear o diñeiro público no axuntamento, oposición que responde a defensa dos intereses de TODOS-LOS veciños sin distinción.
- 2) Que o municipio de O Grove e gobernabile si se sabe actuar con flexibilidade, diálogo e claridade por totalas partes. Non se pode achacar a ingobernabilidade a oposición que e maioritaria, cando o alcalde intenta impoñer sin condicións os seus criterios cada vez con menos apoios. Neste sentido queremos facer saber que o concellal Joaquín García Camaño, EXPULSADO da corporación po lo grupo gobernante, INCORPORASE de novo o Axuntamento nun futuro próximo.
- 3) Que a nosa actitude de oposición persistirá mentras que:
 - a) Non se dote o Axuntamento dos servizos necesarios (personal) dándolle as mesmas oportunidades a todo-os veciños que queiran ser empregados, cancelando os nomeamentos realizados personalmente po-lo alcalde.
 - b) Non se aprobe a solicitude de nomeamento de secretario de acordo coa maioría da corporación e se acorde pasar o Axuntamento a 4.ª clase para poder contar con interventor de corpo nacional.
 - c) Non conteste as preguntas que por escrito lle temos formuladas, por ser indispensable que contemos coa información a que temos dereito para exercer digna e eficazmente a nosa función.
 - d) Non ordene os servizos municipais correspondentes que se expida a cada un dos concellales certificación de todo-os

mandamentos de pago firmados dende a súa toma de posesión facendo constar a data, o importe, a quen se lle pagou ou debe pagarse e por que concepto.

En todo caso os veciños e o alcalde deben saber, que o cargo de alcalde non é obligatorio, podendo renunciar a él cando gobernar resulta imposible.

Si en O Grove hai ingobernabilidade, o único responsable é o actual alcalde.

A maioría da Corporación, non estamos en contra de ningunha obra ben feita e buscamos o mellor para O Grove sin partidismos.

O Grove, Nadal de 1983

LIBROS:

Recomendamos:

PRINCIPIOS ELEMENTALES
y FUNDAMENTALES
DE FILOSOFIA-G. Politzer

Edicións AKAL-74, n.º 12

INICIACION A LA ECONOMIA
MARXISTA- Ernest Mandel
Edicións Nova Terra

CINE:

Xaneiro 18, horas 8 e 10

MAS ALLA DEL BIEN
Y DEL MAL

Día 25, hora 8 e 10

MARCADO POR EL ODIO
CINE O MARINO

FARMACIAS DE GUARDIA

Semana do 14 o 21:
Felix del Valle

do 21 o 28
Isabel Baltar

do 28 o día 4
Alfonso Solá

do 4 o día 11
Angel Kaifer

do 11 o día 18
Felix del Valle

Merque

CAN SEN BONO

Revista galega de humor

O VOCEIRO VECIÑAL


Está a disposición de Asociacións e veciños que queiran expoñer calqueira opinión de interes xeral.

San Vicente terá o seu grupo escolar

Efectivamente, S. Vicente e O Grove enteiro están de enhoraboa, xa que o Grupo Escolar das Vizocas, pasou de ser unha insistente necesidade e preocupación, a ser unha inmediata realidade.

Esto é así xa que, a financiación do mesmo irá con carácter o Fondo de Compensación Interterritorial do presente ano de 1984 e pertence xa as competencias asumidas pola Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia. Cuius pro-
jecto n.º 22 (FCI/1984) O GROVE, consiste nun centro de oito unidades de EGB e un preescolar, por un importe total de vinteoito millóns oitocentas mil pesetas (28.800.000).

Xusto é reconocer e aquí a difícil e si cabe, por tanto mais meritoria xestión da anterior Corporación e do seu Alcalde para conquistar este centro tan necesario —xestión da que foron partícipes e testigos, as AA. PP. e as directivas as AA. VV. de Balea-Reboredo e La Palma de S. Vicente como xa se reconeceu na sesión plenaria celebrada pola Corporación Municipal o 30 de Maio de 1983, con motivo da cesión dos terrenos a Consellería de Educación, como consta na acta da mesma que entre outras cousas dí: "De orden del Sr. Alcalde-presidente, se procede por el Secretario que suscribe, a dar lectura a la propuesta de la Alcaldía y cuyo tenor literal a continuación se transcribe: Como consecuencia de las múltiples gestiones, que ha realizado el Ayuntamiento, para solucionar en lo posible el grave problema planteado al Municipio por la carencia de puestos escolares suficientes, habida cuenta



(Aspecto do Monte Vizocas en Balea)

del índice expansivo de su población, la Xunta de Galicia, por conducto de la Delegación Provincial, remitió escrito a este Ayuntamiento, recibido el día 14 de Mayo del actual, dando cuenta de que en la programación provisional de 1983, ha sido incluido un Colegio público de

340 puestos escolares a construir en este Municipio. Dado que los plazos establecidos para dicha programación, según advierte el comunicado de la Consellería de Educación, han de cumplirse con rigurosidad, se insiste en tramitar el expediente con la máxima ur-

gencia, y al efecto requiere que con antelación al día 31 de Mayo próximo, se remita el acuerdo municipal relativo a la puesta a disposición de la Consellería de Educación de la Xunta un mínimo de 5.000 m.², necesarios para la construcción del mencionado Centro, y resto de la documentación que se cita en el escrito mencionado. Constituida esta Corporación el día 23 de Mayo del presente año, conviene cumplir el plazo antedicho,...

Quedan enterados los señores Concejales, abriéndose por el Sr. Alcalde, el turno de intervenciones. D. José M.^a Mourellos (PCG), manifiesta como portavoz del GRUPO MUNICIPAL COMUNISTA, que está de acuerdo con la propuesta, que recoge las gestiones realizadas por la anterior Corporación Municipal, en la que ostentaba la Alcaldía y que en su opinión, el Colegio Público, debería ubicarse, dentro del Monte Vizocas, cuanto más lejos de la playa mejor.

El Sr. Alcalde manifiesta, que se van a tener en cuenta esas peticiones y que reconoce las gestiones realizadas por la anterior Corporación en orden a la consecución de la construcción de este Colegio Público en el Municipio."

Por último, a Comisión Municipal Permanente o pasado día 31 de Diciembre, aprobou a licencia de construcción do colexio, a petición da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.

Reciban pois dende aquí os veciños da Parroquia de S. Vicente, a nosa mais sincera felicitación.

En torno a Paz Mundial



XOXE ANXO
FERNANDEZ NUÑEZ

Ante a gravísima situación internacional de escalada armamentística, e os focos de guerra que amenazan con desembocar en unha guerra nuclear. O noso país necesita corrixir a orientación cada vez de maior dependencia atlantista que en política exterior ten o noso Goberno.

A preocupación mais urxente e prioritaria do Goberno debería de ser a de aplicar unha política de paz, que sería: A neutralidade e non alineamento respecto de ningún bloque militar. O Goberno debera xa convocar un referéndum consultivo que permita ao pobo español manifestarse acerca da permanencia ou non de España na OTAN e, en

tanto este non se celebra, non se deberá de facer ningunha compra de armamento por exemplo: a compra dos avións do programa FACA, que costan varios centos de miles de millóns de Ptas. o estado español.

Unha política independente en favor da paz é a que mais lle convén os intereses do noso país e a que lle daría mais autoridade no concerto mundial.

E o noso país deberá de ser un elemento activo no panorama internacional adoptando e apoiando iniciativas que favorezcan a paz, a distensión, o desarme e a disolución dos bloques militares.

E defender un sistema de seguridade que garantice a paz e a cooperación en Europa.

